

VIGO
CASA GALEGA DA CULTURA
1 DE XULLO - 5 DE SETEMBRO DE 2021



IMPOSIBLE!

VESTIDOS ESPECULATIVOS



NA IMAXE DESEÑO DE JOSÉ RODRÍGUEZ COYA / EN PORTADA: DESEÑO DE SOFÍA SAN CLAUDIO

**LAURA BARRÓS CHANS / JAVIER CUERVO / NATALIA BELÉN DE ROIA /
INÉS GONZÁLEZ CHARRE / NATALIA RAMA / NOELIA REMESAL /
JOSÉ RODRÍGUEZ COYA / ANDREA RODRÍGUEZ EIRAS /
SOFÍA SAN CLAUDIO / DANIEL SELAS / SERGIO VIDAL**

IMPOSIBLE!

VESTIDOS ESPECULATIVOS

«Imposible! Vestidos especulativos» dá continuidade a un territorio de investigación que xa comezamos a explorar en «Especulacións utópicas. O corpo como lugar de interseccións entre arte e moda», unha exposición desenvolvida en colaboración coa Sala do Palacio Fonseca na Universidade de Santiago de Compostela en 2019.

Retomamos o marco da investigación proposto xa nesa ocasión e que se articula ao redor do corpo como campo de xogo e de experimentación artística. Unha liña de traballo que atopamos subliñada no conxunto de obras que constitúen a mostra agora presentada e que, neste caso, flúe conceptualmente desde o entendemento do corpo atravesado por concepcións e por perspectivas extremas.

As visións propostas polo conxunto de creadores e creadoras seleccionados permítenos observar escintileos e fragmentos sobre unha posible concepción límite do corpo. É dicir, que a exposición non é tanto un conxunto de propostas de moda ou de tendencias do panorama de estilo ou do que «levar» actual, senón un conxunto de carácter especulativo onde o vestido se conforma como artefacto artístico no que este se ve vinculado a unha comprensión extrema o feito de vestir o corpo. O corpo, como primeiro lugar no que «habitamos», é, en consecuencia, o lugar onde se confecciona a identidade. Corpo, vestido e contexto estratificados para formar un chan fértil no cal emerxen e se configuran novas identidades.

Podemos entender o vestido como unha extensión do «eu» corporal?, ou segundo Barthes podémolo tratar como un texto?, unha linguaxe non verbal?, ou podemos, en definitiva, comprendelo politicamente? Non esquezamos, segundo Entwistle, que o gran reto de pensar a moda en relación co corpo, o vestido en si mesmo, é a súa realidade múltiple, ou de «suxeito híbrido» segundo Leopold; é dicir, é, ao mesmo tempo, territorio para a antropoloxía, a socioloxía, a historia, a filosofía e a teoría da comunicación, pero tamén é industria, tecnoloxía e linguaxe. É produto e é cultura, o cal a volve resistente ás observacións estáticas.

Se entendemos o vestido segundo Turner como un artefacto, como un obxecto que permite trasladarnos do corpo biolóxico ao corpo cultural, «o corpo é a un mesmo tempo a cousa máis sólida, máis esquiva, ilusoria, concreta, metafórica, sempre presente e sempre distante: un sitio, un instrumento, unha contorna, unha singularidade e unha multiplicidade». Ese corpo vístese, dótase de elementos de protección, de modificación e de extensión, e esa unidade que conforman corpo e indumentaria resultan un campo de investigación frutífera para a investigación artística. Nun mundo marcado pola mobilidade e pola exposición a unha contorna en certo xeito hostil, o vestido confórmase como coiraza protectora que explora a idea de refuxio e dunha outredade imaxinada ou desexada.

Conceptos como fogar, nomadismo, protección ou outredade ensámblanse no traballo dos e das artistas a través das pezas presentes nesta exposición, cunha sensibilidade que reflexiona sobre o corpo como proveedor de identidades e de conformacións levadas ata o límite do imposible.

